



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Bases reguladoras da V edición dos premios do Plan de emprego local (PEL-EPR Premio)

SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

ANUNCIO

Mediante Resolución de Presidencia n.º 2022/23386, do 12 de maio, aprobáronse as bases reguladoras da V edición dos Premios do Plan de Emprego Local (PEL-EPR PREMIO) que se transcriben de seguido:

BASES REGULADORAS DA V EDICIÓN DOS PREMIOS DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL-EPR PREMIO)

1. LIÑAS XERAIS DA TRAMITACIÓN.

As presentes bases teñen por obxecto regular o V Premio Provincial á Mellor Iniciativa Empresarial enmarcado na Liña 2.4 PEL- EMPRENDE: Incentivos á calidade e á innovación da idea empresarial do Plan de Emprego Local (PEL) da Deputación Provincial da Coruña, elaborado ao amparo do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local e modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, ampliando as competencias provinciais no ámbito da planificación ao establecer que son competencias propias das Deputacións as que lles atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste eido.

A tramitación telemática aplicárase a todas as fases do procedemento, incluíndo en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e documentación, así como os envíos de documentación que foran necesarios para tramitar os expedientes.

Conforme ao disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, notificarase ás persoas interesadas as resolucións e actos administrativos que afecten aos seus dereitos e intereses.

A notificación da resolución pola que se aproba a concesión do V Premio Provincial á Mellor Iniciativa Empresarial, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrència competitiva, de conformidade co establecido nos artigos 41 a 46 da indicada Lei 39/2015, farase mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará na páxina web da Deputación, a cal se remitirá o texto publicado no Boletín Oficial da Provincia.

2. FINANCIAMENTO.

O Premio financiarase con cargo ao Orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2022 na aplicación orzamentaria 0520/24100/481.

A contía máxima dentro dos créditos dispoñibles destinada ao premio convocado para a o exercicio 2022 é a seguinte:

Aplicación orzamentaria	Créditos dispoñibles
0520/24100/481	75.000,00 €

3. OBXECTO E FINALIDADE.

As presentes bases teñen como obxecto regular a quinta edición do Premio Provincial á Mellor Iniciativa Empresarial, como recoñecemento ao esforzo e implicación das empresas e dos clústers e asociacións empresariais da provincia no desenvolvemento económico, na creación de emprego e a súa contribución á innovación.

A súa finalidade consiste en premiar as iniciativas e o traballo realizado polas empresas, clústers e asociacións empresariais, fomentando a súa imaxe positiva e realzando o seu papel fundamental como xeradores de riqueza e emprego, contribuíndo á súa sostibilidade e fomentando a cultura emprendedora na provincia.

Así mesmo, o presente premio tamén pretende aportar un valor engadido ás empresas mediante a súa concesión, facilitándolles soporte e respaldo para transformar ideas actuais en emprego de calidade e contribuíndo a dinamizar novos proxectos.

4. CATEGORÍAS E IMPORTES.

Establécense tres categorías de premio, polo que cada participante poderá presentar a súa candidatura a unha das categorías que se regulan a continuación:

1.ª CATEGORÍA: premio á mellor iniciativa empresarial nova, para pequenas e medianas empresas, microempresas e autónomos/as que iniciasen a súa actividade empresarial nas anualidades 2021 ou 2022, sempre con anterioridade á publicación da convocatoria no BOP, e a mantiveran ininterrompidamente desde a súa alta. Para a presentación de candidaturas nesta categoría se terán en conta as datas que figuren na inscrición no rexistro público correspondente e a data de alta na actividade máis antiga que figure no certificado de situación censual da Axencia Estatal de Administración Tributaria, no caso de empresas; e a última data de alta no RETA, no colexio profesional e mutualidade correspondente que figure no informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e a data de alta na actividade empresarial máis antiga que figure no certificado de situación censual da Axencia Estatal de Administración Tributaria, no caso de traballadores/as autónomos/as.

Nesta categoría valoraranse aspectos como a orixinalidade do proxecto empresarial, a súa capacidade de diferenciación, así como o seu carácter innovador e as medidas de responsabilidade social implantadas, entre outros.

2.ª CATEGORÍA: premio á mellor iniciativa empresarial consolidada, para pequenas e medianas empresas, microempresas e autónomos/as que comezasen a súa actividade empresarial durante a anualidade 2017 ou con anterioridade e a mantiveran ininterrompidamente desde a súa alta. Para a presentación de candidaturas nesta categoría se terán en conta as datas que figuren na inscrición no rexistro público correspondente e a data de alta na actividade máis antiga que figure no certificado de situación censual da Axencia Estatal de Administración Tributaria, no caso de empresas; e a última data de alta no RETA, no colexio profesional e mutualidade correspondente que figure no informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e a data de alta na actividade empresarial máis antiga que figure no certificado de situación censual da Axencia Estatal de Administración Tributaria, no caso de traballadores/as autónomos/as.

Nesta categoría valoraranse aspectos como a traxectoria empresarial, a capacidade de resiliencia e adaptación aos cambios, a xeración de emprego e as medidas de responsabilidade social implantadas e o impacto social da empresa, entre outros.

3.ª CATEGORÍA: premio á mellor asociación empresarial, para asociacións, clústers, agrupacións e federacións de empresarios e empresarias da provincia da Coruña.

Nesta categoría valoraranse aspectos como os servizos ofertados pola asociación ou clúster, a súa estratexia, e os logros acadados, entre outros.

Para cada categoría establécese un premio por un importe bruto de 20.000 €.

Ademais, no caso de que o xurado o estime oportuno, poderá determinar que quede deserto ou que se outorguen accésits aos segundos clasificados dunha ou varias categorías. Cada accésit estará dotado con 5.000 €.

5. ENTIDADES CANDIDATAS E REQUISITOS.

O Premio vai dirixido a pequenas, medianas empresas, microempresas, autónomos/as e asociacións e clústers empresariais que cumpran os requisitos que se especifican a continuación:

Requisitos que deben cumprir as pequenas, medianas empresas, microempresas e autónomos/as

- Ter o domicilio fiscal e social nun concello da provincia da Coruña.
- Ter exercicio económico continuado na actividade empresarial durante o período de tempo establecido na categoría á cal se presenta a candidatura.
- Atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa Deputación da Coruña.
- Non ter concedidas ou solicitadas axudas por importe superior ao límite establecido polo réxime de minimis, para o sector profesional no que desenvolve a actividade económica a entidade, nesta anualidade e nas dúas anteriores.

- No caso de persoas físicas, estar dadas de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional con data anterior á data de publicación da convocatoria e sempre tendo en conta o requisito de antigüidade especificado en cada categoría.
- No caso de persoas xurídicas, estar inscritas no Rexistro Mercantil ou rexistro público correspondente con data anterior á data de publicación da convocatoria e sempre tendo en conta o requisito de antigüidade especificado en cada categoría.

Requisitos que deben cumprir as asociacións e clústers empresariais

- Ter domicilio fiscal e social nun concello da provincia da Coruña.
- Estar legalmente constituído/a con anterioridade á data de publicación da convocatoria no BOP.
- Ter un número mínimo de 25 socios/as ou partícipes na data de publicación da convocatoria no BOP.
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa Deputación da Coruña.

6. EXCLUSIÓNS.

Non poderán ser entidades candidatas a este Premio, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado carentes de personalidade xurídica propia. Tampouco poderán ser candidatos a este Premio os autónomos colaboradores nin as confederacións de empresarios.

Así mesmo, non se admitirán candidaturas presentadas por empresas gañadoras de edicións anteriores do Premio Provincial á Mellor Iniciativa Empresarial en ningunha das súas categorías, nin máis dunha candidatura por entidade. Segundo o artigo 5 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, publicada no BOP número 72, do 15 de abril de 2019, considerárase que existe só unha persoa xurídica cando as persoas socias ou directivas sexan comúns en máis dun 50 por cento en dúas ou máis entidades ou aquelas ás que lle resulte aplicable o concepto de grupo segundo o disposto no artigo 42 do Código de comercio e normativa contable de desenvolvemento.

Adicionalmente, nas categorías 1.^a e 2.^a, dirixidas a pemes, microempresas e empresarios/as individuais, non poderán ser candidatas nin as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, nin as asociacións.

7. COMPATIBILIDADE.

O premio é compatible coas axudas concedidas ao abeiro do Plan de Emprego Local e coa percepción doutras axudas, ingresos ou recursos procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, salvo que se superen os límites establecidos na normativa reguladora das axudas en réxime de minimis.

8. XURADO E SELECCIÓN DE CANDIDATURAS GÑADORAS.

Para a selección das candidaturas gañadoras, establecerase un xurado formado por persoas expertas en diferentes campos relacionados cos ámbitos da empresa, o emprendemento e a innovación:

O xurado estará formado por:

- Dous representantes da Deputación da Coruña: o Presidente da entidade provincial e o Xefe do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica.
- Dous representantes das Cámaras de Comercio do ámbito territorial da provincia da Coruña.
- Dous representantes do ámbito universitario da provincia da Coruña vinculado aos eidos da empresa e da innovación.
- Un representante de asociacións de empresarios/as con presenza na provincia da Coruña.
- Un/unha representante dunha empresa gañadora dos Premios PEL en edicións anteriores.

A composición do xurado e a designación dos seus membros será aprobada por Resolución da Presidencia.

O Presidente da Deputación da Coruña ostentará a Presidencia do xurado. En caso de ausencia deste, a Presidencia será exercida polo membro de maior idade do xurado. Así mesmo, por delegación da Secretaría Xeral, o Xefe do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica exercerá a secretaría do xurado.

O procedemento de concesión dos premios tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co previsto nos artigos 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante a comparación por parte do xurado das candidaturas presentadas co fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración fixados nestas bases reguladoras, e adxudicar, co

límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtiveran maior valoración na aplicación dos citados criterios.

O xurado reunirse, de xeito presencial ou telemático, co obxecto de deliberar e poñer en común as puntuacións outorgadas a cada unha das candidaturas presentadas. A media aritmética das puntuacións establecidas por cada membro do xurado constituirá a puntuación final da candidatura. Unha vez valorada a totalidade de candidaturas establecerase unha prelación entre elas. No caso de que varias candidaturas obtiveran a mesma puntuación final e que, ademais, esta fose a puntuación máis elevada da categoría, efectuarase unha votación entre as candidaturas empatadas e, se persistise o empate, decidirá o voto de calidade do Presidente. No caso excepcional de que as candidaturas non acadasen o nivel desexado, o xurado poderá acordar deixar o premio deserto.

As candidaturas gañadoras daranse a coñecer nun acto de entrega de galardóns organizado pola entidade provincial no que poderán ser reproducidos publicamente os vídeos presentados por estas. Neste mesmo acto todas as entidades candidatas poderá darse a posibilidade de dispoñer dun espazo de networking na que poderán dar a coñecer os seus produtos e/ou servizos.

A concesión do premio realizarase mediante Resolución da Presidencia a proposta motivada do xurado. A Resolución de concesión será publicada no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O premio considerárase aceptado tras a aceptación da notificación da resolución de concesión.

9. CRITERIOS DE VALORACIÓN.

As candidaturas serán analizadas e puntuadas polo xurado baseándose nas memorias de candidatura presentadas e nos criterios de valoración especificados a continuación.

Todos os apartados do anexo da memoria de candidatura deberán facer referencia ao momento temporal de presentación da mesma, con excepción daqueles nos que especifica o período de tempo ao que se refiren.

A puntuación total para cada candidatura, independentemente da categoría á que se presente, será de 100 puntos como máximo.

1.ª CATEGORÍA: MELLOR INICIATIVA EMPRESARIAL NOVA

A) Idea de negocio (ata 30 puntos)

Valoraranse aspectos como a orixinalidade e creatividade do proxecto empresarial, a diferenciación e posicionamento da empresa respecto da competencia e o uso de espazos de coworking.

B) Grao de innovación (ata 30 puntos)

Valoraranse os investimentos realizados pola empresa en innovación, o desenvolvemento de produtos, servizos e/ou procedementos innovadores.

C) Implantación de medidas de responsabilidade social empresarial e o seu impacto (ata 30 puntos)

Valoraranse as medidas implantadas en prol de igualdade, do medio ambiente, as actuacións de voluntariado, de apoio á comunidade e ás ONG, colaboracións altruístas, o uso do galego como lingua vehicular nas súas comunicacións internas e externas e demais medidas que redunden nun beneficio para a sociedade.

D) Vídeo de candidatura (ata 10 puntos)

Valorarase o vídeo de candidatura [formato horizontal, duración máxima de 3 mins. e resolución mínima de 1.080 píxeles] no que se realice a presentación da empresa, claridade na descrición dos produtos/servizos que oferta, motivación da idea empresarial, motivos polos que a candidatura merece ser gañadora e demais aspectos destacables da candidatura.

2.ª CATEGORÍA: MELLOR INICIATIVA EMPRESARIAL CONSOLIDADA

A) Idea de negocio e percorrido empresarial (ata 30 puntos)

Valoraranse aspectos como a innovación e orixinalidade da idea de negocio, a xeración de emprego, o incremento da cifra de negocio nos últimos 3 anos, a súa capacidade de expansión, diversificación e internacionalización, así como a diferenciación e posicionamento da empresa respecto da competencia.

B) Grao de innovación (ata 30 puntos)

Valorarase o desenvolvemento de produtos, servizos e/ou procedementos innovadores, a capacidade de adaptación e resiliencia ante os escenarios económicos adversos ou incertos e o investimento realizado pola empresa en innovación (patentes, plataformas e-commerce, desenvolvemento de software, etc.)

C) Implantación de medidas de responsabilidade social empresarial e impacto social (ata 30 puntos)

Valoraranse as medidas implantadas en prol da igualdade de xénero e para a conciliación da vida laboral e familiar, o uso e difusión da lingua galega como lingua vehicular da empresa tanto nas comunicacións internas como externas, a realización de actividades para a preservación do medio ambiente, o apoio económico ou doutra natureza na realización de proxectos da comunidade de carácter cultural, deportivo, benéfico, lúdico ou social, así como a participación do/a xerente como mentor/a, conferenciante e ou patrocinador/a en actividades formativas e/ou programas públicos de apoio ao emprendemento, redes de mentoring, orientación, etc.

D) Vídeo de candidatura (ata 10 puntos)

Valorarase o vídeo de candidatura [formato horizontal, duración máxima de 3 mins. e resolución mínima de 1.080 píxeles] no que se explique o modelo de negocio con claridade na descrición do produto, do equipo de traballo, da motivación da idea empresarial, dos motivos polos que a candidatura merece ser gañadora, etc.

3.ª CATEGORÍA: MELLOR ASOCIACIÓN EMPRESARIAL**A) Presentación da asociación ou clúster empresarial e da súa estratexia (ata 30 puntos)**

Valorarase a explicación da actividade desenvolvida pola asociación ou clúster e demais características destacables.

B) Servizos ofertados pola asociación ou clúster empresarial (ata 30 puntos)

Valoraranse os servizos de asesoramento, de formación, de colocación, de incubación empresarial ofertados pola asociación ou clúster, así como as vantaxes ofertadas ás empresas asociadas.

C) Impacto da asociación ou clúster empresarial (ata 30 puntos)

Valoraranse os principais logros ou fitos acadados pola asociación, cifra e variación porcentual no número de empresas asociadas nos 3 últimos exercicios económicos, impacto na contorna, uso e difusión da lingua galega e demais peculiaridades que xeren un impacto positivo para as empresas asociadas e o territorio.

D) Vídeo de candidatura (ata 10 puntos)

Valorarase o vídeo de candidatura [formato horizontal, duración máxima de 3 mins. e resolución mínima de 1.080 píxeles] no que se explique a promoción do fomento da iniciativa empresarial que leva a cabo a asociación ou clúster, a descrición das principais actuacións, dos proxectos e actuacións, motivos polos que a candidatura merece ser gañadora, etc.

10. PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS.

A mera presentación das candidaturas en tempo e forma suporá a súa aceptación no proceso de valoración e selección. Co fin de incentivar a utilización de medios electrónicos e no marco dos principios da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, as candidaturas presentaranse de forma telemática, a través da páxina web da plataforma de tramitación telemática de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, SUBTeL: <https://sede.dacoruna.gal/subtel/>. A presentación de toda a documentación realizarase a través da dita plataforma e de xeito telemático. En todo caso, se terán por non presentadas aquelas candidaturas rexistradas en formato papel.

No caso de que a Unidade Xestora, detecte calquera deficiencia na documentación achegada, realizará requirimento ao solicitante, para que a emende a través da plataforma SUBTeL, dispoñendo dun prazo de 10 días naturais para aceptar a notificación e 10 días hábiles desde esta aceptación para a corrección das deficiencias requiridas. No caso de que a persoa que presenta a candidatura non emende neste prazo, teráselle por desistida da súa candidatura.

Mediante resolución da Presidencia declararase o descarte daquelas candidaturas que non se axusten ao establecido nas bases ou que non teñan emendado as deficiencias no devandito prazo.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Documentación de presentación de candidatura

Para a participación na convocatoria en calquera das tres categorías, deberase presentar a seguinte documentación obrigatoria:

Pequenas e medianas empresas, microempresas e autónomos/as	Asociacións empresariais e clústers
Anexo de memoria de candidatura (máx. 7 páxinas)	Anexo de memoria de candidatura (máx. 7 páxinas)
Certificado de situación censual actualizado expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria	Estatutos da asociación e as súas modificacións ou variacións posteriores, no caso de que as houbera
- No caso de microempresas, pequenas e medianas empresas e asociacións empresariais, a escritura de constitución da entidade e as súas modificacións ou variacións posteriores no caso de que as houbera, ou calquera outro documento análogo no que figuren os estatutos, estipulacións ou contratos privados, así como a súa inscrición no rexistro público correspondente - No caso de empresarios/as individuais, informe da vida laboral actualizado expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social onde figure a data de alta no RETA ou mutualidade correspondente	

Non se terán por presentados o anexo de memoria de candidatura nin a documentación en formato papel, nin fóra do prazo de presentación establecido na convocatoria, constituíndo a súa presentación en tempo e forma un requisito esencial do procedemento, cuxa ausencia non poderá ser emendada.

O anexo de memoria da candidatura estará dispoñible para a súa descarga na plataforma SUBTeL, estruturarase seguindo os criterios de valoración regulados na base 9 e non excederá de sete páxinas. No caso de que a memoria presentada exceda esta extensión non se valorarán as páxinas que nela figuren a partir da oitava, esta incluída. Exclúense do cómputo as páxinas que complementen a memoria, como os índices, as portadas e os anexos.

Non se terán por presentadas as memorias rexistradas en formato papel nin as presentadas fóra do prazo de presentación establecido na convocatoria, constituíndo a súa presentación en tempo e forma un requisito esencial do procedemento, cuxa ausencia non poderá ser emendada. Na memoria deberá incluírse, con carácter obrigatorio, o enlace a un vídeo de candidatura, aloxado en calquera plataforma dixital de reprodución de vídeo ou na propia web corporativa, gravado en formato horizontal, cunha resolución mínima de 1080 píxeles (sendo recomendable unha superior de 4K) e de duración non superior a 3 minutos.

No suposto de presentación de varias candidaturas, só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores, sempre e cando fose presentada dentro do prazo previsto na convocatoria.

11. XUSTIFICACIÓN E PAGO.

O premio concedido farase efectivo nun único pago logo da presentación por parte das candidaturas gañadoras da seguinte documentación na plataforma SUBTeL:

Pequenas e medianas empresas, microempresas e autónomos/as	Asociacións empresariais
Anexo de declaración das axudas recibidas en réxime de minimis	Certificado acreditativo do número de socios/as á data de publicación da convocatoria no BOP
Impreso de comunicación de datos bancarios para o rexistro de terceiros para os efectos de domiciliación dos importes que procede ordenar á Deputación provincial da Coruña	
Certificado acreditativo da titularidade da conta emitido e asinado dixitalmente pola entidade bancaria correspondente	
Documentación gráfica da difusión realizada do Premio na páxina web corporativa e no centro de traballo	

No caso de que o impreso de comunicación de datos bancarios obrase xa en poder da Deputación da Coruña e, sempre e cando non sufrira ningunha variación, non será necesaria a súa presentación. Nos supostos de imposibilidade material de obter por parte da Deputación da Coruña o documento, esta poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación.

12. PUBLICIDADE.

No caso de resultar candidatura gañadora, a entidade deberá realizar difusión do Premio outorgado pola Deputación da Coruña na páxina web corporativa, así como colocando nun lugar visible do centro de traballo o diploma acreditativo de tal condición.

13. PRAZOS.

13.1. Prazo de presentación de candidaturas.

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria do presente Premio no Boletín Oficial da Provincia, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

13.2. Prazo de resolución e concesión.

O prazo máximo para resolver será de 9 meses a contar desde o día de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de acordo co artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

14. CAUSAS EXCEPCIONAIS

14.1. Desistencia/renuncia.

Unha vez presentada a solicitude e antes da concesión, as persoas ou entidades solicitantes, poderán desistir da súa candidatura. A desistencia se realizará por escrito mediante a presentación do Anexo de desistencia correspondente que estará dispoñible na plataforma SUBTeL.

Se por motivos excepcionais, algunha das candidaturas gañadoras renunciase ao premio no evento de entrega de galardóns, a candidatura da mesma categoría que obtivera a seguinte puntuación máis elevada pasará a ser gañadora e así sucesivamente, no caso de acontecerse múltiples renunciadas sucesivas.

En todo caso, a renuncia deberá ser presentada de forma expresa por escrito, a través de medios telemáticos, achegando o Anexo de renuncia, debidamente cumprimentado.

14.2. Reintegro.

As entidades ou persoas gañadoras poderán renunciar ao premio e realizar a autoliquidación como medio dispoñible para devolver voluntariamente o importe do premio percibido. Así mesmo procederá o reintegro no suposto de devolución da contía indebidamente percibida ou aquela que se estivese obrigado a reintegrar. Este suposto de devolución voluntaria do premio resultará de aplicación en calquera momento.

15. COMPROMISOS E OBRIGAS.

Son obrigas dos/as candidatos/as, e sen ánimo de exclusividade, as seguintes:

1. Cumprir os requisitos indicados nas presentes bases reguladoras.
2. Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar a Deputación da Coruña, así como facilitar os datos que se lles requiran en relación á concesión do premio.
3. Atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Facenda Pública, Seguridade Social e Deputación da Coruña e autorizar á Deputación para obter as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente.
4. Comunicar de inmediato a través da plataforma de tramitación telemática SUBTeL calquera modificación que puidese afectar a algún dos datos recollidos na candidatura inicial realizada.
5. Declarar no momento de presentación da candidatura que non presenta máis dunha candidatura por entidade ou persoa física (autónomo/a) na mesma convocatoria. No caso de que a solicitante sexa unha persoa física, declaración de que non forma parte dunha sociedade que presenta outra candidatura na presente convocatoria.
6. Entregar á Deputación da Coruña nos prazos previstos toda a documentación requirida nas presentes bases.
7. Non estar en ningunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
8. Cumprir coa normativa de minimis e declarar o importe das axudas concedidas nos últimos 3 anos.
9. Prestar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
10. Utilizaren, con carácter xeral, unha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.
11. Prestar consentimento para que a Deputación poida reproducir publicamente os vídeos de candidatura presentados.
12. No caso de resultar candidatura gañadora, realizar difusión do Premio outorgado pola Deputación da Coruña na páxina web corporativa e no centro de traballo.

16. INCUMPRIMENTOS E SANCIÓNS.

O incumprimento dos prazos na presentación das candidaturas ou da emenda da documentación correspondente se procede, suporá a consideración da candidatura como non presentada.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da candidatura, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou das obrigas asumidas como consecuencia da concesión dos Premios PEL, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito ao seu goce ou á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador conforme ao previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Ordenanza xeral

de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña vixente, así como cantas responsabilidades de todo orde poidan derivarse.

17. PROPIEDAD INDUSTRIAL E INTELECTUAL.

As candidaturas presentadas deberán garantir absoluto respecto aos dereitos da propiedade intelectual e industrial de terceiros. Neste sentido, o/a candidato/a deberá declarar que é titular de todos os dereitos de propiedade intelectual e industrial que lle puideran corresponder, eximindo á Deputación da Coruña de calquera tipo de controversia, disputa ou litixio que poida derivarse da selección e explotación da candidatura presentada.

18. ACEPTACIÓN DAS BASES E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

A participación no V Premio Provincial á Mellor Iniciativa Empresarial, en calquera das súas categorías, implica a aceptación íntegra e incondicional das presentes bases.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Deputación da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon ao seu dispor un modelo de solicitude (<https://www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais>).

Igualmente, os/as candidatos/as consenten a utilización por parte da entidade provincial, da súa imaxe corporativa, nome completo e vídeo de candidatura en calquera tipo de publicidade, promoción, publicación ou calquera outro medio de difusión, da natureza que fose, con fins informativos ou promocionais sempre que exista relación co Premio Provincial á Mellor Iniciativa Empresarial.

19. RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación a normativa seguinte:

- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación provincial da Coruña.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.
- Ordenanza xeral de administración electrónica da Deputación da Coruña do 6 de novembro do 2015.
- Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña do 15 de setembro de 2017.
- Bases de execución do orzamento da Deputación da Coruña, vixentes no momento da concesión.
- Regulamento (UE) n.º 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, do 24 de decembro).
- Regulamento (UE) n.º 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro).
- Regulamento (UE) 2019/316 da Comisión do 21 de febreiro de 2019 polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 1408/2013 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola.

- Regulamento (UE) n.º 717/2014, da Comisión, do 27 de xuño, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28 de xuño).
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

BASES REGULADORAS DE LA V EDICIÓN DE LOS PREMIOS DEL PLAN DE EMPLEO LOCAL (PEL-EPR PREMIO)

1. LÍNEAS GENERALES DE LA TRAMITACIÓN.

Las presentes bases tienen por objeto regular el V Premio Provincial a la Mejor Iniciativa Empresarial enmarcado en la Línea 2.4 PEL-EMPRENDE: Incentivos a la calidad y a la innovación de la idea empresarial del Plan de Empleo Local (PEL) de la Diputación provincial de A Coruña, elaborado al amparo del artículo 36 de la Ley 7/1985, del 2 de abril, Reguladora de las Bases del régimen local y modificada por la Ley 57/2003, del 16 de diciembre, de medidas para la modernización del gobierno local, ampliando las competencias provinciales en el ámbito de la planificación al establecer que son competencias propias de las Diputaciones las que les atribuyan en este concepto las leyes del Estado y de las Comunidades Autónomas en los diferentes sectores de la acción pública y, en todo caso, la cooperación en el fomento del desarrollo económico y social y en la planificación del territorio provincial, de acuerdo con las competencias de las demás Administraciones Públicas en este campo.

La tramitación telemática se aplicará a todas las fases del procedimiento, incluyendo en cada una de ellas las notificaciones y las comunicaciones, los requerimientos de información y documentación, así como los envíos de documentación que fuesen necesarios para tramitar los expedientes.

Conforme a lo dispuesto en el artículo 40 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, se notificará a las personas interesadas las resoluciones y actos administrativos que afecten a sus derechos e intereses.

La notificación de la resolución por la que se aprueba la concesión del V Premio Provincial a la Mejor Iniciativa Empresarial, por tratarse de un acto integrante de un procedimiento de concurrencia competitiva, de conformidad con el establecido en los artículos 41 a 46 de la indicada Ley 39/2015, se hará mediante publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y producirá los mismos efectos que la notificación individualizada. Esta publicación también se realizará en la página web de la Diputación, a la que se remitirá el texto publicado en el Boletín Oficial de la Provincia.

2. FINANCIACIÓN.

El Premio se financiará con cargo al Presupuesto general de la Diputación para el ejercicio 2022 en la aplicación presupuestaria 0520/24100/481.

La cuantía máxima dentro de los créditos disponibles destinada al Premio convocado para la el ejercicio 2022 es la siguiente:

Aplicación presupuestaria	Créditos disponibles
0520/24100/481	75.000,00 €

3. OBJETO Y FINALIDAD.

